



galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

NOTA DE PRENSA | 25 de setembro do 2023

O London Spanish Film Festival estrea sección galega con obras de Eloy Domínguez e Diana Toucedo

- A sección denomínase 'Letters from Galicia' e materializouse grazas aos esforzos do Galician Film Forum (GFF) e da Mostra Internacional do Cinema Galego (MICE)
- Este mércores, 27 de setembro, proxectaranse unha selección de curtas de Diana Toucedo e a longametraxe 'Al otro lado del mar', codirixida por Eloy Domínguez Serén
- Tamén está previsto un coloquio *in situ* con Eloy Domínguez ao rematar a proxección que será moderado pola viguesa Adriana Páramo, cineasta e representante do GFF

Por primeira vez en 19 anos, o audiovisual galego ocupa unha **sección específica** no **London Spanish Film Festival (LSFF)** grazas ao esforzo conxunto do Galician Film Forum (GFF) e da Mostra Internacional do Cinema Etnográfico (MICE). Así, **Letters from Galicia**, como se chama a nova sección do festival londiniense, vai proxectar obras de [Eloy Domínguez Serén](#) e mais [Diana Toucedo](#) este vindeiro **mércores 27 de setembro no Ciné Lumière da capital británica**. Ademais, Eloy Domínguez desprazarase ata Londres como convidado polo festival para participar nun coloquio ao remate da proxección que vai ser moderado por Adriana Páramo, cineasta e representante do Galician Film Forum.

O LSFF, que xa alberga desde hai tempo seccións diferenciadas doutras comunidades, algunhas delas tan veteranas como a catalá e a vasca con 15 e 14 anos de vida, respectivamente, abre esta nova ventá co foco nas creacións galegas galardoadas na última edición da MICE. Estas proxeccións suporán a estrea no Reino Unido da longametraxe [Al otro lado del mar](#) de Eloy Domínguez, premio ao Mellor Filme Galego, e da curta de Diana Toucedo [Tatuado nos ollos levamos o pouso](#), premio CREA. Alén diso, *Letters from Galicia* tamén acollerá outras catro obras de Toucedo: *Prekasno*, *Borders*, *Homes* e *Imágenes secretas*. Deste xeito, o audiovisual galego faise un oco con nome propio dentro desta cita do cinema español que leva case vinte anos celebrándose en Londres e amosando o mellor do cinema estatal.

Sobre as obras

Al otro lado del mar é unha longametraxe documental dirixida polo galego Eloy Domínguez Serén e polo colombiano Samuel Moreno Álvarez na que ambos os dous cineastas e amigos comparten aspectos das súas vidas e traballos nos seus respectivos países. A modo de vídeo correspondencia, as cartas filmadas que compoñen a obra “recollen historias persoais, memorias afectivas, unha viaxe por planos con diferentes épocas de rodaxe, diferentes culturas, contextos e épocas sociais, filmadas ademais nun momento histórico moi concreto”, que fan que sexa doado sentirse reflexado nas palabras, planos e sentimentos dos directores.

Pola súa banda, Diana Toucedo, que xa proxectou no LSFF de 2019 a súa obra *Trinta lumes*, regresa agora cunha sesión que reúne cinco mostras do seu talento e na que destaca [Tatuado nos ollos levamos o pouso](#), unha curtametraxe multipremiada sobre as mariscadoras dunha vila do sur de Galicia rodada “cunha mirada coidadosa, sensible a todos os elementos e símbolos e fundindo os corpos na natureza”.

LETTERS FROM GALICIA

Mércores 27 de setembro | Ciné Lumière [17 Queensberry Place, South Kensington, London SW7 2DT]

16:50 h | *Diana Toucedo's Short Letters* | £15

18:30 h | *Al otro lado del mar* | £15 | Coloquio posterior con Eloy Domínguez

- **Web do LSFF:** <http://www.londonspanishfilmfestival.com/>
- **Info e entradas 'Al otro lado del mar':** <http://www.londonspanishfilmfestival.com/2023-festival/2023-films/al-otro-lado-del-mar.html>
- **Info e entradas *Diana Toucedo's Short Letters*:** <http://www.londonspanishfilmfestival.com/2023-festival/2023-films/diana-toucedo.html>

Galician Film Forum

O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. A súa actividade articúlase en tres eixes: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.



CONTACTO DE PRENSA

Bea Pérez

604 070 409

galicianfilmforum@gmail.com

galicianfilmforum.gal

Facebook: GalicianFilm

Twitter: GalicianFF

Instagram: galicianfilmforum
